




A IIª GUERRA MUNDIAL

Unha guerra mundial

O enfrontamento entre o Eixe (Alemaña, Xapón e Italia) e os aliados tivo como escenario todo o globo, implicando a case que tódolos Estados e as súas colonias.



Cara a guerra

As potencias do Eixe realizaran unha política de expansión territorial durante os anos 30, facendo caso omiso das condenas internacionais. As democracias liberais practicaron unha política de apaciguamento que non evitou a guerra.



Matanzas de Nakin, China, 1937



Muller checoslovaca saudando a entrada das tropas alemanas, 1938

A invasión de Polonia

O <<pacto de non agresión xermano-soviético>> asinado en 1939 incluía entre as súas cláusulas o reparto de Polonia. A invasión alemana de Polonia provocou a inmediata declaración de guerra de Gran Bretaña e Francia.



Canto durará esta lúa de mel?, caricatura británica 1939



Matanza de Katyn 1939, descuberta polos nazis en 1943



Vítima do bombardeo alemán sobre Varsovia, 1939

- Comenta a caricatura de Hitler e Stalin: por que chegaron a un acordo as dúas ditaduras: fascista e comunista?
- Cal foi a causa inmediata da guerra? poderíase ter evitado? como?
- Que pasou en Katyn en 1939? que buscaban os autores desa matanza? por que os nazis a sacaron á luz pública en 1943?
- Observa a foto de Varsovia, Quen ía sufrir na guerra? e en todas as guerras?

A rendición de Francia

A *Blitzkrieg* desenvolvida polos alemáns permitiulles derrotar ao exército francés con facilidade. O Goberno francés asinou en xuño de 1949 o armisticio constituíndose un réxime colaboracionista no sur, con capital en Vichy.




Cascos abandonados polas tropas francesas, 1940



Hitler en París, xuño 1940

Batalla de Inglaterra

Gran Bretaña non se rendiu e resistiu os bombardeos aéreos alemáns con *'sangue, suor e bágoas'*. Os obxetivos dos ataques non só eran militares, senón tamén á poboación.



Bombardeo sobre Londres, 1940



Nenos diante dun edificio destruído polas bombas



Refuxiados nunha estación de metro de Londres

Norte de África

No norte de África, despois da derrota aliada en 1941, os alemáns son definitivamente vencidos na Batalla do Alamein en 1942.



Rommel en Libia, 1941



Prisioneiros ingleses, 1942



Batalla do Alamein, 1942



Cemiterio da Commonwealth, O Alamein

A invasión da URSS

A previsible invasión da URSS comezou en xuño de 1941. Os alemáns avanzaron con rapidez, sendo freados en Moscova en decembro. A heroica resistencia de Stalingrado, a dureza do clima e a lonxanía das bases provocaron a retirada alemana en 1943.



Prisioneiros soviéticos,
1941



Soldados alemáns mortos



Sebastopol 1944

A entrada de EEUU: Pearl Harbour

Xapón ocupara as colonias francesas de Indochina en 1941. En decembro os avións xaponeses bombardearon por sorpresa a base naval de Pearl Harbour, o que provocou a entrada de Estados Unidos na guerra.



UN PERIODICO
En todos y para todos

EL COLOMBIANO

Busque en este diario la noticia que desee

"El día redimido en el servicio postal interior. Registro No. 27"
AÑO XXX NÚMERO 8982
Medellín, Colombia, Lunes, 8 de Diciembre de 1941
12 PAGINAS EN DOS SECCIONES
VALOR 500S CENTAVOS

Estados Unidos y Japón en Guerra

LAS DOS ESCUADRAS NAVALES ENFRENTADAS EN EL PACIFICO HOY SE EJECUTARAN LAS BULAS DEL PACTO DE LA HABANA COMIENZA A CUMPLIRSE EN NUESTROS PAISES

Bombardada Honolulu. - Muchos muertos y heridos. - Los aviones japoneses causaron grandes destrucciones en el área residencial. - Desbaratados en la Zona del Canal de Panamá. - El pueblo estadounidense reacciona unánimemente a su gobierno en esta grave emergencia. - Hall informas oficialmente a todos los países de América sobre la agresión del Japón. - Se toman medidas de vigilancia a las colonias niponas establecidas en las principales ciudades de la Unión. - Sesión extraordinaria de los congresos de ministros de todos los países americanos. Sesión en el Continente.

Medellín. 7. (De la Unión Free por EL COLOMBIANO). - Los aviones nipones causaron grandes destrucciones en el área residencial. - Desbaratados en la Zona del Canal de Panamá. - El pueblo estadounidense reacciona unánimemente a su gobierno en esta grave emergencia. - Hall informas oficialmente a todos los países de América sobre la agresión del Japón. - Se toman medidas de vigilancia a las colonias niponas establecidas en las principales ciudades de la Unión. - Sesión extraordinaria de los congresos de ministros de todos los países americanos. Sesión en el Continente.



El Gabinete Colombiano Convocado a una Reunión Extraordinaria para Hoy

Posiblemente el gobierno de Santos haga una declaración y fije su posición frente al conflicto entre los Estados Unidos y el Japón.

Medellín, 7. (De la Unión Free por EL COLOMBIANO). - El gabinete colombiano se reunió hoy a las 10 de la mañana en una sesión extraordinaria para discutir la situación internacional y la posición del país frente al conflicto entre los Estados Unidos y el Japón.



El texto de gran pastoral Las Letras del Obispo Pontificias a su Diócesis

En la mañana de hoy, el texto de gran pastoral del obispo pontificio de Antioquia, Monserrate González, fue leído en la parroquia de San Mateo.

En la mañana de hoy, el texto de gran pastoral del obispo pontificio de Antioquia, Monserrate González, fue leído en la parroquia de San Mateo.



Se pide que Colombia fije hoy su posición

El Tiempo dice que nuestro país debe calibrar su posición ante el conflicto entre los Estados Unidos y el Japón.

El Tiempo dice que nuestro país debe calibrar su posición ante el conflicto entre los Estados Unidos y el Japón.



Tarifa de Turismo
(al 25 de febrero de 1942, en los vapores expresos de):

NAVIERA COLOMBIANA
BERBIO - BARBANOUILLA
BARBANOUILLA - BOBODA
BOBODA - BARRANQUILLA
BARRANQUILLA - BUELLAS

Extraordinario
No se cobra en el día del viaje.

Naviera Colombiana
TELEFONO N° 41-305

Lotería Bolivariana
No. 11088
890 ATLETAS EN LOS JUEGOS DE BUCARAMANGA

Lotería Bolivariana


El Tiempo
El día redimido en el servicio postal interior.

ECONOMIA
Parque de Berrio
APROVECHELA UD!!

Bombardeo de Pearl Harbour, 8 de decembro de 1941

A guerra no Pacífico

Nas illas do Pacífico e no sur de Asia os aliados combateron contra os xaponeses. A batalla de Midway, en abril de 1942, sinalou o principio da decadencia do poder xaponés.



Batalla de Midway, xuño 1942



Soldado ferido en Okinawa, 1945



Os xaponeses capturan a soldados holandeses en Java,



Kamikaze preparándose para o ataque

A guerra no Pacífico

A produción fotográfica da II Guerra Mundial foi moi abundante. A imaxe da dereita converteuse no icono da II Guerra Mundial e do patriotismo en Estados Unidos ata a actualidade, sendo reproducida multitude de formatos.



Soldado con neno en Saipan; Eugene Smith xuño 1944



Iwo Jima; Joe Rosenthal, febreiro 1945

- Define cunha palabra o que expresa cada foto? cal escollerías ti para simbolizar o patriotismo? e para facer propaganda da actitude dos soldados?
- Unha das imaxes foi acusada de ser unha montaxe, de estar manipulada, cal? por que escolliches esa?
- Cal dos fotógrafos dixo: 'A imaxe da humanidade ten máis valor cunha imaxe da humanidade que só serve para súa explotación'? por que?
- Que fotografía elixirías para comezar unha guerra? e para facer pensar á xente do absurdo da guerra? por que?

A invasión de Italia

En xullo de 1943 os Aliados desembarcaron en Sicilia e comezaron a liberación do territorio italiano



Sicilia; Robert Capa 1943



Batalla de Monte Cassino, febreiro 1944



Roma liberada, xuño 1944

Desembarco de Normandía

A operación militar máis xigantesca da guerra foi o desembarco de Normandía, levado a cabo polas tropas aliadas en xuño de 1944. O seu éxito abriu as portas de Alemaña, cara onde avanzaban tamén os soviéticos polo leste.



Desembarco de Normandía; Robert Cappa, xuño 1944



Soldado morto na praia



Soldados alemáns rendéndose



Liberación de París, agosto 1944

Bombardeos aliados en Alemaña

Os aliados tamén bombardearon as cidades e obxectivos civís en Alemaña, pretendendo facer o maior dano posible para minar a moral da poboación e como vinganza.



Hamburgo destruída



Queima de cadáveres provocados polos bombardeos en Dresde, febreiro 1945



Colonia en ruínas; Bourke-White 1945

Bombardeos en Xapón

Na primavera de 1945 Estados Unidos intensificou a ofensiva sobre Xapón, aumentando os bombardeos sobre as cidades xaponesas.



Tokio arrasada pola 'tormenta de lume', 1945

O final da guerra: a morte dos ditadores

A guerra rematou en Europa en maio coa entrada dos soviéticos en Berlín, e en Xapón en agosto co lanzamento das bombas atómicas. Unhas 55 millóns de persoas morreron, 35 millóns quedaron feridos e 3 millóns desaparecidos. Unha elevada proporción das vítimas eran civís.




Berlín, 1945



Viena; Khaldei 1945



Derradeira foto de Hitler, abril 1945



Mussolini e outros fascistas colgados en Milan, abril 1945

O final da guerra: Berlín




Soldados soviéticos colocan a bandeira da URSS no Reichstag; Khaldei, 2 maio 1945




Berlín; Khaldei xuño 1945

O final da guerra: alegría dos vencedores



Bico en Nova Iork, xuño 1945

O final da guerra: a bomba atómica



UN PERIODICO de todos y para todos **EL COLOMBIANO** **Busque en este diario la noticia que desea**

AÑO XXVY NÚMERO 10.275 **MEDELLIN (COLOMBIA) Martes 17 de Agosto de 1945** EDICION DE 10 PAGINAS VALOR 6.00

PAZ UNIVERSAL

JAPON SE ENTREGO INCONDICIONALMENTE

Hiro-Hito Seguirá en el Trono Bajo las Ordenes de los Aliados

ORGANIZADOR DE LA VICTORIA **EL EMPERADOR ATOMIZADO**

A las 9 de la mañana. Tras un anuncio que la victoria al mundo

ORGANIZADOR DE LA VICTORIA
El Sr. Francisco de Paula...
El Sr. Francisco de Paula...
El Sr. Francisco de Paula...

EL EMPERADOR ATOMIZADO
El Sr. Hirohito...
El Sr. Hirohito...
El Sr. Hirohito...


CEDESE QUINTA
194-73
BANDAS DE CERO
BANDAS DE CERO
BANDAS DE CERO

SEÑOR CONSTRUCTOR
TALLERES RENOVACION LITVA
CALDERA

TRASLADO
RADIO NEYBARA

O HORROR

Á propia brutalidade da guerra sumouse o intento de exterminar poboacións enteiras (xudeus, xitanos, homosexuais...); a explotación e o maltrato dos prisioneiros... As potencias fascistas destacaron pola súa crueldade, pero o terror non foi monopolio delas; xaponeses, alemáns e italianos que residían nos países aliados perderon os seus dereitos e moitos foron encarcerados.



Homosexual castrado polos nazis



Xaponeses agardando o traslado ao campo de confinamento; Dorotea Langhe, 1941-43

O HORROR: o Holocausto xudeu

O pobo xudeu foi o que, sen dúbida, sufriu en maior medida a persecución e o exterminio. Máis das tres cuartas partes dos xudeus europeos foron exterminados, nos guettos ou nos campos de concentración, cuns niveis de crueldade arrepiantes.



Nenos no gueto de Varsovia, 1941-42



Conducidos ao Campo de exterminio despois da revolta no gueto de Varsovia, 1943

O HORROR: o Holocausto xudeu




Un soldado dálle unha patada a un xudeu que vai ser deportado



Xudeus deportados nun tren cara o campo de concentración

O HORROR: o Holocausto xudeu




Prisioneiros aguardando seren desinfectados, 1941



Prisioneiros bañados e afeitados, Buchenwald 1940

O HORROR: o Holocausto xudeu



Prisioneiros en Dachau



Presos escavando a súa propia tumba



Nenos no campo de Auschwitz



Mulleres xudeas executadas e rematadas en Ucraína, 1942

O HORROR: o Holocausto xudeu

Dit is een foto, zoals
ik me zou wensen,
altijd zo te zijn.
Dan had ik nog wel
een kans, om naar
Hollywood te komen.

Anne Frank.
10 Oct. 1942




(translation)
"This is a photo as I would wish
myself to look all the time. Then
I would maybe have a chance to
come to Hollywood."

Anne Frank, 10 Oct. 1942

O HORROR: xitanos e homosexuais

Os xitanos foron tamén enviados a campos de concentración, onde morreu un 75% dos 200.000 xitanos alemáns, xunto a uns 500.000 doutros países europeos. A homosexualidade era considerada unha tara e milleiros de homosexuais foron encarcerados e sufriron experimentos horrorosos.



'Control' dunha muller xitana

- Imaxina que es un dos nenos das primeiras fotos sobre o Holocausto: Escribe un relato en primeira persoa coa súa vida desde o guetto ata o campo de concentración.
- Por que os nazis foron especialmente crueis cos xudeus, xitanos e homosexuais en concreto?
- Só os nazis desprezaban a esas persoas ou tamén sufrían a discriminación do resto da poboación? e na actualidade? cal é a túa opinión sobre eses colectivos?
- Cres que pode ocorrer hoxe en día algo semellante contra persoas dunha determinada relixión ou natureza? por que?

Nomenclator para identificar aos prisioneiros dos alemáns

Fotos antropométricas de tres detidos acusados de homosexualidade, Auschwitz 1941-42

O HORROR: os salvadores

Máis de 21.000 persoas forman parte da lista de honor do Memorial do Holocausto xudeu en Israel, por ter arriscado a súa vida para salvar a xudeus.



Schindler con xudeus que axudou a salvar en Polonia, 1946



Karl Plagge e unha das xudeas salvadas por el en Lituania sinalando o seu nome no Memorial do Holocausto



Matrimonio Boukris e seu salvador tunecino Jaled Abdelwahab. 1941



Raul Wallenberg, diplomático sueco en Budapest. que salvou a uns 100.000 xudeus

O HORROR: escravas sexuais

En tódalas fronte os abusos sexuais sobre as mulleres foron habituais, pero foi no Imperio xaponés onde acadou un nivel de organización maior. O exército xaponés secuestrou a máis de 200.000 mulleres novas, algunhas nenas de 12 anos, dos países ocupados para satisfacer aos seus soldados. Eran chamadas 'mulleres de confort'.



'Mulleres de confort' coreanas, unha delas embarazada



'Estación de confort' en Shanghai



'Mulleres de confort' ao servizo das tropas de EE UU en Xapón,

O HORROR: man de obra escrava

Os presos foron maltratados e utilizados como man de obra escrava polas potencias do Eixe. Entre eles estaban miles de españois republicanos que, despois de sufrir a derrota na Guerra Civil, seguiron loitando contra o fascismo en Europa.



Presos republicanos españois traballando en Mauthausen; Henri Bousset 1942



Presos traballando en pezas de avións alemáns



Presos soviéticos en Mauthausen, 1941

O HORROR: xaponeses en EE UU


Nos Estados Unidos e en Canadá miles de persoas de orixe xaponesa foron deportadas e confinadas en campos de concentración.



Xaponeses de orixe canadiano deportados, 1942



Nave para o gando de Vancouver destinada aos deportados, 1942



Campo de Manzanar en EE UU; Ansel Adams, 1943

O HORROR: a liberación dos campos

En 1945, os Aliados *descubriron* os campos de concentración, atopando unha situación dantesca. A evidencia da barbarie foi difícil de asumir tamén polos alemáns.



Superviventes en Buchenwald; M. Bourke White 1945



Presos superviventes contando os mortos, Mauthausen 1945



Alemáns obrigados a ver o horror en Buchenwald; M. Bourke White 1945



Muller alemana afectada polo horror



Mortos en Mauthausen, 1945

O HORROR: españois antifascistas

En maio de 1945, o campo de concentración de Mauthausen, onde estaban prisioneiros uns 7.000 de republicanos españois foi liberado polas tropas estadounidenses. Morreron 5.000 sen poder recuperar a liberdade.



- Por que estaban prisioneiros os españois en campos de concentración alemáns?
- Houbo outros españois traballando en Alemaña en liberdade, quen eran?
- Cal foi a causa da morte da maioría dos presos, españois ou non, confinados en Mauthausen?
- A España franquista foi aliada da Alemaña nazi, por que non lle importou o que lles pasou a estes españois?
- Cres que estes loitadores antifascistas merecen un recoñecemento? por que?
- Din que o xeneral Eisenhower mandou repetir a escena fotografada, por que cres que o faría? quen sae reforzado nesta imaxe?


Los españoles antifascistas saludan a las fuerzas libertadoras (texto da pancarta), Mauthausen 1945

Colaboracionismo e Resistencia

Nos países ocupados houbo unha parte da poboación que colabou cos invasores, por oportunismo ou afinidade ideolóxica. Outros participaron activamente na Resistencia, arriscando a súa vida; e moitos outros tentaron sobrevivir sen implicarse.



O mariscal Patain co cardenal Suhard en París, abril 1944



O arcebispo croata Stepeninac, co símbolo ustacha, saúda a Pavlevic, líder do réxime colaboracionista, 1941



O xeneral De Gaulle dirinxíndose aos franceses desde



Folleto alemán ofrecendo 100.000 marcos polo líder dos comunistas iuguslavos Tito

Colaboracionismo e Resistencia

A Resistencia cometeu pequenos atentados, pero en xeral a súa eficacia foi limitada.



Descarrilamento dun tren alemán en Francia, agosto 1944



Milicianas rusas



Partisanos italianos detendo a dous soldados alemáns



Hirtler despois de sufrir un atentado, xullo 1944

Colaboracionismo e Resistencia

Cada atentado era seguido dunha indiscriminada represión sobre a poboación.




Execucións en Novi Sad, Iugoslavia, 1942



Executados en Checoslovaquia como represalia polo asasinato do xefe das SS Heydrich 1942



Execución dun membro da Resistencia francesa



Aforcamento de milicianos rusos

Colaboracionismo e Resistencia

O tratamento dado aos invasores ou aos colaboracionistas polos exércitos Aliados ou polos membros da Resistencia non foi moi diferente do comportamento dos fascistas.



Nazi executado en Italia, 19445



Membro das SS antes da súa execución



Dous colaboracionistas coa cabeza rapada sometidos ao escarnio público nas rúas de Chartres, 1944

A RETAGARDA: os ataques aéreos

A vida dos habitantes das cidades bombardeadas era moi dura. Cando as sereas anunciaban perigo había que saír correndo e acudir aos refuxios, arricándose a perder a vida e a casa.



Nenos evacuados, soldados que chegan, Londres 1940



Entrando no refuxio con máscaras anti-gas, Londres 1940



Nenos durmindo no refuxio, Londres 1940

A RETAGARDA: os ataques aéreos



Fuxindo dos combates en Francia, 1944



Alemáns entre as ruínas da súa cidade



Muller co seu neno na cidade de Ichinomiya, 1945

A RETAGARDA: mulleres que traballan

A guerra obrigou a traballar máis tempo e a destinar todos os esforzos á industria bélica. As mulleres ocuparon postos de traballo tradicionalmente desempeñados polos homes.



Fábrica de morros de avión en Estados Unidos



Mulleres soldadoras; Bourke-White 1943

A RETAGARDA: os nenos

Utilizouse a man de obra infantil e nas escolas estaba presente a propaganda bélica.



Escolares rezando nun descanso no traballo nunha fábrica de munições en Nagoya, 1944



Escola rural de Estados Unidos, 1943



Xuventudes nazis adestrándose para o combate, 1939-1945

A RETAGARDA: escaseza e fame

Todos os recursos se puxeron ao servizo da guerra, sacrificándose o benestar da poboación.



Autobús a gasóxico, París 1940



Funcionarios xaponeses recollendo radiadores dos edificios oficiais para facerse con metais, 1943



Escolares xaponeses recollendo raíces de piñeiro para combustible dos avións, 1945



Horta no centro de Londres, 1941

A RETAGARDA: escaseza e fome

Provincia di ROMA ADULTI OLTRE I 65 ANNI Generalato di ROMA

Carta Annonaria Individuale
per generi alimentari vari (IX^a Emissione)

Numero: **R 138-150**

Abbonato: *Giuseppe Di Lanza*
 Indirizzo: *Viale Ruffini 300 101*
 Firma: *Giuseppe Di Lanza*

GENERE DA DESTINARE	I MESE				II MESE				III MESE				IV MESE				GENERE DA DESTINARE
	QUANTITÀ	VALORE	QUANTITÀ	VALORE	QUANTITÀ	VALORE	QUANTITÀ	VALORE	QUANTITÀ	VALORE	QUANTITÀ	VALORE	QUANTITÀ	VALORE			
212	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
213	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
218	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
240	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
241	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
242	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
243	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
244	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
245	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
246	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
247	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
248	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
249	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		
250	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200	200		

Cartilla de racionamento, Italia 1943



Cultivo de cereais no centro de Roma, 1943



Berlín (?); Khaldei, maio 1945

O FINAL DA GUERRA: as conferencias

Nas Conferencias de Yalta e Potsdam os líderes das potencias aliadas: Estados Unidos, a URSS e Gran Bretaña deseñaron o novo mapa do mundo.



Conferencia de Ialta: Churchill, Roosevelt e Stalin; febreiro 1945



Conferencia de Potsdam: Churchill, Truman e Stalin; xullo 1945

O FINAL DA GUERRA: novas fronteiras

Os cambios de fronteiras, sobre todo no leste de Europa, provocaron enormes desprazamentos de poboación.



Alemáns expulsados dos Sudetes, 1945



Alemáns expulsados do leste, 1945

Modifications territoriales en Europe en 1945




A PROPAGANDA




- Clasifica e comenta os cartéis desta diapositiva e as seguintes: país no que se editou, descripción do contido, mensaxe que transmite, contexto histórico, opinión persoal...

A PROPAGANDA





A PROPAGANDA



A PROPAGANDA



A PROPAGANDA



A PROPAGANDA



A PROPAGANDA



Stop this monster that stops at nothing... **PRODUCE** to the limit!

This is YOUR war!



Sein Weg zur „Befreiung“ Europas!

